

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de outubro de 2019
Duración	Desde as 20:32 ata as 21:37 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	NON



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON
<p>Escusas de asistencia presentadas:</p> <p>1. Verónica Tourón Domínguez: «Baixa médica»</p> <p>1. Ángela Valcárcel Bernárdez: «Motivos persoais»</p>	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Boas tardes a todos e todas. Este pleno non ten puntos na súa parte resolutiva, como podedes ver este equipo de goberno propuxo aprazar este pleno para incluír os temas que estaban ata o de agora en exposición pública e evitar así a celebración dun pleno extraordinario, é dicir, que o Partido Popular de Salceda rexeitou esta proposta. O equipo de goberno xa criticou públicamente a actitude pouco colaboradora do Partido Popular de Salceda, o motivo desta solicitude de cambio de data non foi outro que nesta semana rematarán os períodos de exposición pública de documentos tan importantes coma os orzamentos municipais, o regulamento de honras e distincións e o regulamento orgánico municipal. O equipo de goberno trasladoulle ao partido popular hai escasos días no pleno extraordinario que convocamos para a selección dos membros de mesas das vindeiras eleccións a situación e a necesidade de aprazar este pleno, repito, negaronse a elo, incluso lles advertimos que era un esforzo administrativo e tamen é un esforzo económico e non só iso, non só se negaron senón que pediron a inclusión a través dunha petición por escrito de novos puntos que son materialmente imposibles de realizar nun período de quince días de aprazamento que foi o que solicitaron, polo que levaremos adiante este pleno ordinario sen o contido que debería ter con estes tres puntos que vos mencionei. Dicar tamen que dende o grupo de goberno creemos, e así o imos a facer, non se debería cobrar este pleno posto que carece de contido e solicitamos con argumentos de sobra o aprazamento do mesmo. Este pleno nos asuntos da convocatoria conta con tres partes, a parte resolutiva, a parte de actividade de control coas súas dacións de conta e ademais hai unha moción, e o seu apartado C de rogos e preguntas. Na súa parte resolutiva un só punto, aprobación da acta ordinaria anterior, algo que obxectar?

Sr. Rodríguez Davila: Si, boas tardes, pido a palabra por cuestión de orde despois de escoitar a intervención da Alcaldesa.

Sra. Alcaldesa: Perdón, por cuestión de orde, por alusións.

Sr. Rodríguez Davila: Si si claro, por alusións, porque por unha parte o goberno publicamente manifesta o que considera, o noso entender, manipulación da realidade



do que sucedeu e, por outra parte, estamos no dereito de explicarlle aos veciños neste pleno o que conleva que no pleno de hoxe, como vostede dixo, non haxa contido na parte resolutiva. O que aconteceu foi que o día 14 de outubro o señor portavoz de Movemento Salceda o señor concelleiro Alejandro me chama por teléfono pa proporme que o día seguinte no pleno extraordinario que celebramos pola mañan día 15 para celebrar o sorteo das persoas que iban a formar parte das mesas electorais das próximas eleccións xerais do 10 de novembro, que me propoñía ter unha reunión de portavoces de grupo para tratar a posibilidade de trasladar o pleno ordinario, que está estipulado pola aprobación plenaria de inicio deste mandato de finais de xuño é cada dous meses, o último venres dos meses pares. Rematou ese pleno e ao día seguinte, o día 15, e como portavoz do grupo maioritario desta corporación, trasladeille que aceptabamos o cambio da data do pleno sempre e cando o goberno municipal atendese a tres peticións, e as tres peticións, como un vai aprendendo de que as palabras as leva o vento, e vou coñecendo a maneira de traballar de certas persoas, o presenteí por escrito o día seguinte dese pleno e desa conversa que mantivemos aquí, o día 16 deste mes presenteí por rexistro a proposta deste grupo, e esa proposta contén tres peticións.

A primeira, e aquí esta o documento presentado o día 16 por rexistro con hora 23:00 horas, o Partido Popular di en canto á proposta do goberno para o cambio de data do pleno ordinario previsto para o venres 25 de outubro, o noso grupo acepta o cambio de data sempre que o goberno teña a ben ampliar, notificar e crear o que a continuación solicitamos.

Primeiro: Ampliación do periodo de exposición pública do regulamento orgánico municipal (ROM) en quince días, é dlcir, que cando rematase a exposición pública o que pedía este grupo era ampliálo en quince días, para que se notificase Ás asociación e colectivos do Concello o periodo de exposición pública do ROM para que tivesen un coñecemento deste regulamento e dous para darlle tempo a que si así o consideraban, presentar as alegacións ou reclamacións que cada colectivo veciñal poidera facer e, en tercer lugar, a creación do regulamento da participación veciñal para ser aprobado inicialmente no pleno no que se resolvan as alegacións ao ROM, e aquí está e a cuestión señora Dolores Castiñeira, nós non estamos dicindo cando ten que celebrarse este pleno ou e que aquí neste escrito o grupo municipal popular lle di ao goberno en que data ten que celebrarse ese pleno ou en que mes ten que celebrarse ese pleno? Vostedes creo que leen e interpretan ao seu xeito e teñen esa desfachatez de dicir en público que este grupo non aceptou o cambio do día do pleno. O pleno de hoxe estaba convocado, nós aceptamos o cambio neste escrito, non lle poñemos nin data de pleno nin hora, nós dicimos, e leo outra vez, creación de regulamento veciñal para así aprobar inicialmente no pleno, no pleno non estamos dicindo en que mes, nin que día, nin a que hora, agora, si vostedes entenden que o pleno nos o estamos propoñendo para 15 días despois pois mire vostede, nós non estamos propoñendo 15 días, lean ben o punto tres, nos estamos dicindo no pleno no que se resolvan as alegacións ao ROM e é o goberno mellor dito e vostede como alcaldesa, a competente para convocar o pleno ou e que quen convocou este pleno fun eu?, foi algún compañeiro do grupo



popular ou foi vostede como alcaldesa? Foi vostede verdade? Entón o pleno ese é vostede a competente para convocalo, cando vostede considere, non en 15 días, nin en 20, nin en 30, cando vostede considere. O que pasa é que tristemente unha vez máis pensabamos que algo ia a cambiar, que outro xeito de gobernar compañeiros socialistas, esta e outra maneira de gobernar verdade? Eu creo que ao final sair na prensa a dicir que non incluírá nada na parte resolutiva da orde do día, quen enche o contido na parte resolutiva é a oposición ou o gobernó? A parte resolutiva a pon o goberno, nós poñemos a parte resolutiva nos plenos extraordinarios que nós pidamos, só neses plenos, nos plenos extraordinarios que nós solicitemos, en ningún outro caso e nos plenos ordinarios poñemos preguntas, rogos e mocións nada máis polo tanto a segunda gran mentira.

Logo dice que o Partido Popular pediu a inclusión de novos puntos materialmente imposibles de facer en quince días, en quince días vostedes non son quen de ampliar en quince días o trámite de exposición pública, en quince días non son capaces de notificar aos colectivos e asociacións municipais e en quince días vostedes non son capaces de iniciar a redación do regulamento de participación vecinal, iniciar. Volvo a insistir na cuestión e nós non plantexamos o pleno en quince días, onde está posto que nós pedimos o pleno en quince día? En ningún lado, insisto, ningún momento nós pomos quince días e o que é máis triste, un goberno que lle costa aos veciños de Salceda cada ano 250.000 euros e di, ante esta negativa do Partido Popular, que por fins totalmente económicos. Fins económicos que é que o señor concelleiro de vías e obras presida unha comisión para cobrar 210 euros fai escasos quince días, dúas comisións presidiu, en vinte minutos 420 euros, un só señor, sabe canto custa este pleno? cinco compañeiros (desculpa á compañeira Angela que por motivos persoais non pode estar aquí hoxe) 600 euros e un señor en vinte minutos por presidir dúas comisións que podía presidir o compañeiro Alejandro ou a compañeira Lucía que estaban nese momento alí, non, presididas Miguel porque así cobra 420 euros en vinte minutos, iso non son fins económicos, non, iso é fin de mellorar o pobo, de atender as demandas.

Sra. Alcaldesa: Santi isto non é un mitin, estou calada ata o de agora, estou sendo respetuosa, só che digo que non convirtas as oportunidades de falar que che dou nun mitin, porque entón si que che vou a limitar o tempo.

Sr. Rodríguez Davila: Un mitín non, eu estou argumentando con datos.

Sra. Alcaldesa: Vaia rematando por favor.

Sr. Rodríguez Davila: Estou acabando Sra. Alcaldesa, sei que as verdades non gustan pero mire, eu estou argumentando con datos e con verdades categóricas e probadas, porque ese señor presidiu dúas comisións, 420 euros, e que vostedes falen de fins económicos non, eu non convoco este pleno, insítole, nós renunciámos a este pleno se este señor renuncia ás comisión que cobrou fai quince días, se o Sr. Miguel se compromete a renunciar por presidir unha comisión que non tiña porqué presidir



porque había dous concelleiros que a podían presidir pero, porqué a preside o señor Miguel? Para cobrar os 420 euros.

Sra. Alcaldesa: Vaia rematando que os seus compañeiros tamén queren réplicas, por alusións.

Sr. Rodríguez Davila: Si él se compromete a non cobrar esa comisión, este grupo non ten ningún problema, que por certo nos pertence porque nós non convocamos o pleno.

Sra. Alcaldesa: Queda claro que o Partido Popular non vai renunciar a cobrar este pleno, e por alusións tiven a deferencia de deixarche un tempo para a túa exposición e como non pode ser de outra maneira tamén o farei co resto dos teus compañeiros, aínda que non sexa ningún punto a tratar da parte resolutiva polo tanto da igual, quen queira a palabra que a pida, Miguel tes a palabra.

Sr. González González: Como se dirixiu a min expresamente pois quería contestarlle eu algo a Santiago, ti sempre te estás metendo aquí cos salarios do goberno, que si son moitos, para ti son uns salarios desorbitados sempre, eu sempre fun partidario de que a xente que traballa hai que pagarlle, sexa no Concello sexa aí fora, sexa de albañil ou do que sexa, á xente que traballa hai que pagarlle e o traballo público ten que ser digno e estar retribuído correctamente, nada máis. Non vexo que haxa por aí nada que reprocharlle a ninguén, eu a ti nunca se che preguntei canto cobrabas cando eras deputado provincial, nunca se che preguntou si estás todos os días ou si estás cobrando moito e sei que é bastante máis do que cobran aquí os compañeiros de goberno, que están todos os días aquí traballando e sei que era bastante máis, non sei se traballabas moito ou pouco eu iso non o sei, non sei o que vas a cobrar como senador, que disque vas salir senador ,seguramente cobrarás bastante. Eu vou a renunciar a cobrar hoxe este pleno porque considero que é unha estafa, a vós dixosevos que non había contido para este pleno, que se retrasaba quince días, que máis ou menos vai ser o que tarde o pleno extraordinario que si que ten contido, traeranse a aprobación os orzamentos municipais despois do periodo de exposición pública, aprobarase o ROM, se procede, etc...aí si que hai un pleno, hoxe non había motivos para celebralo, eu vou a renunciar o meu suplemento neste pleno e vos deberíades facer exactamente o mesmo, porque considero que é unha estafa, dentro dun par de semanas vai haber un pleno e todos os asuntos que se ían a tratar hoxe poderíanse trasladar perfectamente nese pleno extraordinario.

Eu presido comisións informativas, cal é o problema? Non me consideras capacitado? Cal e o problema de que presida unha comisión informativa? Ti sabes que non teño adicación neste Concello, sábelo perfectamente, veño a traballar todos os días coma o que máis aquí e algún problema que eu cobre por unha comisión informativa? Eu sempre dixeran que á xente que traballa hay que pagarlle e non vexo que ti nunca renunciaras a túa paga coma deputado provincial, nin nunca renunciache ao que



cobrache aquí, nunca renunciaches a nada, por tanto non digas que o goberno ten que renunciar aos seus salarios.

Sra. Alcaldesa: Non vou a dar máis quendas. Este non é un punto da orde do día nin asunto da convocatoria polo tanto non se vai debater. Santi si ti algún día dirixes este pleno eu terei que acatar o que ti digas, ata o de agora presidoo eu polo tanto eu decido que ti contestaches por alusións e Miguel fixo o mesmo, Gela non quere intervir polo tanto se acabou.

Sr. Rodríguez Davila: Eu só necesito contestarlle ao compañeiro Miguel por alusións e o que está dicindo son medias verdades.

Sra. Alcaldesa: Só vou permitir unha quenda de alusións e xa non o vou repetir máis.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión ordinaria anterior. (Nº 9/2019, ordinaria de 30 de agosto)

Sra. Alcaldesa: Algunha observación sobre a acta? Algún apunte antes de pasar a súa votación?

Sr. Rodríguez Davila: Hai varias.

Sra. Alcaldesa: Supoño que veriaades no expediente que é unha acta subsanada.

Sr. Rodríguez Davila: Na paxina tres onde a señora secretaria fai o tipo de votación se é ordinaria ou non, os votos a favor, en contra e abstencións e ausentes ahí falta por ausentes a compañeira Noelia que non estubo nese pleno o 30 de agosto e en todos os puntos desta acta, está mal reflectido como podedes comprobar.

Secretaría: Ela xa figura como ausente na sesión, no relato da votación unicamente figuraría como ausente se, estando presente na sesión, se ausentara no momento da votación.

Sr. Rodríguez Davila: Entendido entón, esa era a puntualización, había máis na acta que se enviou primeiro pero como se mandou a segunda acta xa están correxidas varias cousas como o erro no apelido do compañeiro Primitivo que estaba mal entre outras cuestión. Polo tanto nada que añadir aparte do que dixen anteriormente.

Sra. Alcaldesa: Procedemos entón á votación da aprobación da acta da sesión ordinaria anterior.

VOTACIÓN: Non existindo observacións, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 9/2019, ordinaria de 30 de agosto, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes na sesión.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o nº 2019-0821 de 27 de agosto ata o nº 2019-1024 de 21 de outubro.

Dase conta dos decretos dende o nº 2019-0821 de 27 de agosto ata o nº 2019-1024 de 21 de outubro. Os membros da corporación quedan enterados.

Moción do grupo PP sobre modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI.

Sra. Alcaldesa: Hai unha moción presentada polo PP que nos chegou no día de hoxe e antes de proceder á votación da urxencia, posto que non ven incluída na orde do día, débese motivar esa urxencia.

Sr. Núñez Troncoso: Boas tardes, noites, ben pois o grupo popular trae esta moción respecto do IBI xa que estamos ante outra ocorrencia neste caso do goberno municipal que a través da alcaldesa solicitou ao catastro que aplique un coeficiente, ese coeficiente máis o valor catastral dun 3% nos recibos do IBI para o ano que ben, é dicir, para ano que ben, para o 2020 imos ter un incremento no recibo dun 3% a petición da señora alcaldesa, ben, me imaxino que o PSOE saberá que a alcaldesa pediu isto no mes de xuño, non?

Sra. Alcaldesa: Non creo que sexa ese o argumento para motivar a urxencia. Teñen que motivar a urxencia antes da súa votación e logo procederemos a súa lectura e debate Joaquín, polo tanto excusa preguntar a ninguén nada.

Joaquín Núñez: Pois a parte diso non sei se o PSOE saberá ou non saberá, pois motivámolo no sentido de que dende o 2011 ao 2019 o recibo do IBI incrementouse nun 38 %, un 38% desde o 2017 que foi a última modificación no tipo que se pasou do 0,53 o 0,50 ata contemplar este incremento no 2020 sería unha suba dun 11%, entón o que está plantexando esta moción, dado que a alcaldesa pediu un incremento catastral, é compensar ese incremento no valor catastral coa redución do tipo, o tipo agora mesmo témolo no 0,50 % minorando un 3% pois quedaría o tipo no 0,486, isto quere dicir que para o ano os recibos serían do mesmo importe que o 2019. O que pedimos é que se inicie o procedemento para modificar o tipo do IBI, espero que o PSOE apoie esta petición como xa o fixo no 2015, en principio nada máis.



Sra. Alcaldesa: Moi ben esa é a motivación de urxencia desta moción, antes de pasar a súa votación eu teño que dicir que creo que foi concelleiro de facenda durante moito tempo e que sabe perfectamente a necesidade de abrir un expediente para realizar este tipo de modificacións das ordenanzas, creo que tamén coñece os prazos de exposición pública e creo que tamén coñece o traballo administrativo que se ten que desenvolver, os prazos xa só establecidos pola lei fan que estes dous puntos que piden aquí se resuman en imposibles, simplemente co cumprimento dos prazos da lei, non sei se o sabe que os prazos non dependen precisamente dun pleno. Tamén teño que aclarar que a petición si que a asína a alcaldesa pero ben do ministerio, non sei se o sabe, supoño que o coñece, eu creo que isto xa se aclarou máis dunha vez neste pleno pero bueno, da igual, vostedes seguen sen enterarse, eu aclarolle por si acaso. Repito, iniciar un procedemento de modificación dunha ordenanza fiscal non o imos a aprobar hoxe porque non hai un comezo dun expediente, aprobando hoxe darían os prazos pero como digo, e materialmente imposible e parece mentira que eu llo teña que explicar isto a vostede, que teño bastante menos experiencia e menos anos en vida política que vostede pero bueno. Dito isto, creo que non ten sentido, precisamente por imposibilista, esta moción así que imos a votar a súa urxencia.

Sr. Núñez Troncoso: Estás dicindo unhas auténticas barbaridades e o PSOE apoia isto que acaba de dicir a Alcaldesa.

Sra. Alcaldesa: Pero imos a ver Joaquín, porqué me cortas así a palabra, eu respeteite no teu turno, porque me cortas así a palabra.

Joaquín Núñez: Vostede esta mentindo aquí neste pleno, que problema ten en que me dea a palabra.

Sra. Alcaldesa: Repito, introducirón vostedes unha moción por urxencia e hai que votar a mesma e é o que imos a facer, eu dirixo este pleno e teño dereito a motivalo, punto.

Joaquín Núñez: O PSOE vai apoiar esto.

Sra. Alcaldesa: Joaquín e que me parece que me estas faltando ao respecto e quen dirixe o pleno son eu.

Sr. Núñez Troncoso: E vostede mentindo neste pleno.

Sra. Alcaldesa: Moi ben, tedes un montón de formulas para manifestar o que acabas de dicir públicamente, se estás seguro de que é así faino, pero non me faltes o respecto nin me interrumpas cando estou intentando dirixir un pleno. Eu creo que contigo fun educada en todo momento, ti fas as túas exposicións e eu fago as miñas xa está.



VOTACIÓN: Polo sra. Alcaldesa sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, e é rexeitada por CINCO VOTOS A FAVOR dos/as Sres/as Concelleiros/as Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro, González Souto e Pérez Domínguez do Partido Popular E SEIS VOTOS EN CONTRA dos/as Sres/as Concelleiros/as Rodríguez Canosa, Pereira González, González González e Castiñeira Alén, de Movemento Salceda e Sres/as Ledo Souto, e González Coto de PSdeG-PSOE.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sra. Alcaldesa: Antes de comezar coas preguntas, no pleno de agosto sabedes que a intención de aprobar o ROM canto antes e modular este tipo de debates é que exista unha regra de xogos e sexa un pouco máis levadeiros para todo o mundo, no último pleno fixéronse un total de 22 preguntas cando o ROM limítas a un total de 10 como máximo, evidentemente non temos o ROM aprobado pero eu lles pido contención a todo o mundo, hoxe tócalles a uns na oposición e algún día nos tocará a outros. O regulamento é para todo o mundo e lles pido sobre todo medida e sentido común e non eternizar este pleno, nin facer unha fiscalización non axeitada. Dito isto, alá cada quen coa súa responsabilidade. Comezamos a quenda de rogos e preguntas.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede escoitase o que acaba de dicir? Fai un momento criticaba que este pleno non tiña contido e agora está dicindo non preguntades moito, non traíades muita cousa e non eternizedes este pleno. Estamos de acordo en traer contido o pleno si ou non? Estamos de acordo en que o Partido Popular presente iniciativas si ou non?

Sra. Alcaldesa: Estamos no apartado C rogos e preguntas.

Sr. Rodríguez Davila: Logo dareille copia á señora secretaria e loxicamente o imos a presentar por rexistro, os rogos que a continuación vou a mencionar, a ver se o goberno ten a ben de atendelos.

1º. Presentamos un rogo para solicitar o asfaltado e alumeado no camino público do Agro en Parderrubias, concretamente o camiño que pasa por diante da casa de José Fernández, que co seu permiso (Ratiño), para que sepamos do que estou a dicir, é lamentable a súa situación, recordo que fai anos xa presentamos un rogo ao respecto e vostedes se olvidaron ou fixéronse os olvidados.

2º.- Outro rogo para que se asfalte o camiño da Presa, entre o barrio da Presa, na parroquia de Parderrubias, en dirección sete camiños. É certo que antes das eleccións

fomos alí a fuchicar, a mover terra para intentar convencer a algún veciño de que os votaran pero seis meses despois aquilo esta lamentable, no total abandono e por iso rogamos que canto antes se asfalte e se adecente ese camiño, porque da pena velo.

3º.- Presentamos outro rogo para que se coloque unha senal de ceda o paso na Rúa Compostela, no cruce con Rafael Tilve Adrio, concretamente no cruce co “bar Charango”, porque non hai ningunha senal do ceda o paso e teñense provocado algúns accidentes ao respecto. Creo que non estaría de máis poñer un senal de ceda o paso, aínda que efectivamente todos sabemos que o que sae pola dereita ten preferencia, pero creo que non está demais axudar aos condutores nesa senalización, polo tanto solicitamos a colocación dese senal do ceda o paso na Rúa Compostela no cruce con Rafael Tilve Adrio.

4º.- Presentamos outro rogo para que se tomen medidas de seguridade, vixiancia e actuación se é preciso, na contorna do Penedo Redondo ante as carreiras ilegais e o que alí está a acontecer nas noites dos venres e dos sábados, clama ao ceo polass múltiple reincidencias, o que alí sucede e, sobre todo, o alarmismo que está a producir ante os veciños que por alí pasan a esas horas.

5º.- Rogamos tamén que o goberno teña a ben destapar, descubrir as arquetas despois dos asfaltados, para que non haxa problemas cando hai unha rotura tanto de augas ou de canalización de saneamento e polo tanto, que non queden no olvido esas tapas que quedan debaixo do asfalto cando se ten a ben asfaltar ou mellorar unha pista ou camino municipal.

6º.- Por último presentamos outro rogo ao goberno para que estudie a posibilidade de dotar de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida na contorna das farmacias, xa que é preciso ter en conta esas carencias e creo que é unha proposta positiva para esas persoas que non teñen a posibilidade de moverse coma os que aquí hoxe estamos en este pleno.

Sr. Núñez Troncoso: Teño dous rogos:

1º.- No barrio de Outeiriño na parroquia de Soutelo, a cuneta que está alí senalizada cunha cinta, que se lle dea solución que xa vai sendo hora.

2º.- Outro rogo que xa preguntamos no último pleno, respecto da páxina web do Concello que aínda estaba exposto o inventario de bens municipais en exposición pública, agora mesmo vemos que non está pero si que pedimos que se colgue o inventario coa súa aprobación xa definitiva.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: Quero preguntar por segunda vez se o goberno vai a colgar ou

facer público o acordo de goberno que se asinou no acordo de investidura, tal e como por exemplo fixo a alcaldesa do Porriño nos últimos días.

Sra. Alcaldesa: Creo que xa lle respondeu.

Sr. Rodríguez Canosa: Xa che respondemos no anterior pleno Santi, o acordo de goberno trasladóuselle á prensa e non hai máis que engadir nin nada que ocultar.

Sr. Rodríguez Davila:

1º.- O goberno entón non ten pensado colgar ese acordo no portal de transparencia para que os veciños o poidan ver? Si ou non? Eu digo se o van a colgar no portal de transparencia, hai un portal de transparencia na paxina web do Concello non sei si o sabe, debían colgar o acordo nese portal de transparencia por eso se chama transparencia. Non o van a colgar.

2º.- Vai a entregar o goberno a documentación solicitada e que xa preguntei por ela no último pleno, documentación que solicitamos fai dez meses, outra seis meses e que a señora Alcaldesa me contestou no pleno anterior “revisareina e responderei a esa petición” eu preguntolle, revisouna?

Sra. Alcaldesa: Non só a revisei senón que, si revisas a acta dixeran que non tiña nada pendente da miña senatura para autorizar. A revisei e falei cos departamentos correspondentes, houbo documentación que xa está entregada, se por exemplo falades do rexistro 214/2019 que se vos foi entregada a mellora do camiño da Costeira, o expediente 918/2019 que se vos foi entregada, falo do que me din nos departamentos administrativos, que confío neles e que se vos foi entregado. O expediente 662/2019 tamén se vos entregou. O que si vos pido é que neste período de cambios no Gestiona a min haberá cousas que non me aparezan á firma porque estaban asignadas ao anterior Alcalde, si hai algunha destas solicitudes que esten sen entregar, voltades a solicitala e eu non teño ningún problema en facervos entrega dela. Repito, a consulta foi realizada nos departamentos administrativos, me consta que deses que apareceron no pleno anterior e mencionastes tres deles sí que están entregados, probablemente sexa pola circunstancia de que se deu de cambio de alcaldía, unha nova lexislatura e a min no Gestiona non me aparece que teña absolutamente nada pendente de asinar, que foi o que vos dixeran no pleno anterior, dito isto comprobeino de todos os xeitos.

Sr. Rodríguez Davila: Non compartindo todo o que acabas de dicir creo que moitos deses expedientes que acabas de mencionar non están entregados, polo tanto seguramente volveremos a solicitalos para que se nos entreguen, esperemos non ter que esperar dez meses coma o que levamos esperado.

Outra pregunta, pódenos dicir o señor concelleiro de cultura cantos tickets dos callos



se venderon na festa deste ano?

Sr. Rodríguez Canosa: O resumo de gastos e ingresos dos callos non está realizado porque aínda hai facturas pendentes de que os provedores as introduzcan por rexistro, polo tanto non teño aquí os datos definitivos para poder trasladarche.

Sr. Rodríguez Davila: A pregunta é cantos tickets se venderon, non o custe da festa ou se tivo ou no beneficios.

Sr. Rodríguez Canosa: Agora mesmo de memoria non o sei, no momento que as contas estén rematadas non teño ningún inconvinte en pasarchas.

Sr. Rodríguez Davila: Cando ten pensado o goberno dar resposta aos rogos feitos dende fai varios anos por este grupo? Aquí teño un listado de rogos e concretamente só do ano 2017, modificacións de señal, reposición de contenedores, adenzamento do barrio de Montecelo na súa entrada, arranxo de desperfectos na estrada Barral-Igrexa... en fin, hai aquí como 30 rogos presentados dos cales menos da metade están resolto a día de hoxe. Ten pensado o goberno revisar os rogos que este grupo presentou ao longo do último mandato e os que está presentando como no día de hoxe, para dar resposta ás melloras que precisan os barrios e parroquias do noso Concello?

Sra. Alcaldesa: Por suposto que se revisarán, eu non son consciente de todos os rogos que hai nin os que están sen contestar, aos rogos non se lle da resposta por escrito, dáselle resposta efectiva e para iso necesita haber diñeiro nas partidas, hai cousas incluso que son capítulos de inversión e vós sabedes que as cousas, formular formulanse así con simpleza, pero executar é un pouquiño máis complexo as veces, de todos xeitos os rogos son para iso, roganse e aténdense.

Sr. Rodríguez Davila: Parece que está vostede dando a entender que non estivo no anterior mandato, vostede era a teniente de alcalde, e logo hai cuestións de rogos que non precisa custe económico coma a modificación por exemplo dunha ordenanza municipal ou coma a proposta que lle fixemos na moción que vostedes votaron en contra, non é custe económico, facer esa mellora simplemente é vontade política.

Sra. Alcaldesa: Nós soemos facer as cousas un pouquiño seriamente. Dicar que unha ordenanza fiscal non necesita un estudo económico, eu creo que é descoñecemento, quero entender que te equivocache.

Sr. Rodríguez Davila: Non ten ningún custe económico. O que é aprobar nun pleno a modificación dunha ordenanza fiscal non ten custe económico, non é o mesmo que vostede non cobre 420 euros pero non quixo, iso non quixo.

Sra. Alcaldesa: Hai que facer as cousas con seriedade.



Sr. Rodríguez Davila: Non, seriedade é isto, eu se quere lle traslado unha copia dos rogos só do ano 2017 que están sen facer e moitos deles non terían custe económico, pero hai que facer nas parroquias non só e facer paradas e visitalas, só no ano 2017 teñen máis de 30 rogos sen realizar.

Sra. Alcaldesa: Non estamos no apartado de rogos senón de preguntas.

Sr. Rodríguez Davila: Góstame saber que non atenden a peticións dos veciñ os.

Sra. Alcaldesa: Este é o seu criterio.

Sr. Rodríguez Davila: Non, estas son demandas dos veciños que eles nos trasladan e nos trasladámoslle ao goberno, para que se resolvan.

Sra. Alcaldesa: Ese é o seu criterio.

Sr. Rodríguez Davila: Para que se arramxem os camiños, se coloquen contenedores e se limpen as cunetas.

Sra. Alcaldesa: Non apele á intelixencia dos vecinos, que eles saben ben o que se fai e o que non, pregunte por favor.

Sr. Rodríguez Davila: Cal e o motivo ou porqué o goberno en dous meses dende o ultimo pleno ordinario non foi quen de traer ningunha proposta resolutiva a este pleno?

Sra. Alcaldesa: Creo que non temos que contestar esa pregunta porque xa o debatimos no punto 1º e argumentei explícitamente cal é o motivo de que non se traia a este pleno a orde do día que debería haber vido, non e creo que o responsable sexa o equipo de goberno.

Sr. Rodríguez Davila: A contestación que vostede deu é que pretendían traer a este pleno eran asuntos que debatimos no pleno de agosto, é dicir, o goberno con non sei cantas dedicacións en dous meses non é capaz de traer nada a este pleno para mellorar, para debater ou para acordar.

Está de acordo o goberno de Salceda e a súa alcaldesa co custe que ten que asumir, pagar cada veciño, polas adicacións exclusivas, parciais e cargos de confianza? Está de acordo, si ou non? Si están de acordo co custe que lle supón a cada veciño o goberno municipal, é dicir, vostedes, están de acordo si ou non?

Sra. Alcaldesa: Non e só que estemos de acordo e que segue sendo a vosa bandeira durante cantas lexislaturas? Tres, e incluso facendo en campaña un lema sobre o que



cobra e non cobra o gobernó, eu creo que iso xa non está nin en debate, máis permítame dicir que xa lle aburre á veciñanza, nós seguimos gobernando, permitídemecillo, eu creo que os veciños o que queren é que a xente cobre un salario digno, non que cobre en sobras B, nin en comisións, nin teña casos Gürtel. Eu creo que os veciños prefiren ser gobernados por este tipo de políticos e políticas, non sei se con isto lle respostou, porque ante unha pregunta deste tipo, ademáis cando nós como dixou o compañeiro Miguel estamos sendo tan respetuosos con este tema e non dixemos nunca o salario que vostede cobraba como deputado, nós nunca nos metemos con eses salarios, nin puxemos siquera en dúbida o traballo que realiza. Eu creo que xa che respostei Santi, límitate a preguntar cousas que son preguntas e non a xenerar debate que en min non o vas a atopar.

Sr. Rodríguez Davila: Vostedes insisten, pero eu non tiña unha dedicación na Deputación, eu non aprobei esas retribucións nas comisións, igual que non aprobei as retribucións deste pleno nin as comisións deste pleno, están reguladas e aprobadas por vostedes, non por nós e eu na Deputación era un deputado da oposición que cobraba por asistir a plenos e comisións aprobadas polo goberno bipartito da Deputación. Eu non puxen ningunha adicación, nin media nin exclusiva nin nada, cobraba por asistencia. Se quere hoxe ensínolle unha gráfica e para o próximo pleno vou traerlle outra gráfica, hoxe lle vou ensinar a gráfica do custe do goberno de Salceda por veciño, comparando con concellos limítrofes, Salceda 27,54 € por veciño, Mos 17,50 €, dez euros menos. O dobre de presuposto, case o dobre de poboación, o Porriño 15 euros, Pontearreas 12 euros e Tui que é do PSOE 10 euros por veciño, vostedes 27,50 euros.

Sra. Alcaldesa: Santi estamos no remate das preguntas, eu creo que de verdade esas son as cousas que colgas nas túas redes sociais pero estamos nun pleno, nun órgano un pouco máis serio e tes que limitar a orde que estableza a Alcaldía ou a presidenta que neste caso son eu, polo tanto cinguete a facer as preguntas.

Sr. Rodríguez Davila: Seguirá no futuro próximo presidindo as comisións o concelleiro de vías e obras para cobrar 210 euros por cada comisión, en vez de presidila un concelleiro con dedicación exclusiva ou dedicación parcial para que non supoña ese gasto? E aquí fago unha reflexión, unha vez máis, coherencia, eu non estou pedindo que vostede non estea nas comisións, eu o que estou pedindo é que vostede non presida as comisións, que cobre igual que nós, porque vostede non ten dedicación, que a presida ou a alcaldesa que é a titular da presidencia da comisión e, se a alcaldesa non pode estar por motivos do que sexa, que a presida un compañeiro que teña dedicación para que non supoña un gasto aos veciños de 210 euros, esa é a petición. Vai seguir presidindo o concelleiro de vías e obras as comisións informativas no futuro próximo?.

Sra. Alcaldesa: Todas as veces que sexan necesarias.



Sr. Rodríguez Davila: Por último, sabe o goberno o custe total en doce anos máis estes catro anos de mandato que vai a supoñer ás arcas do Concello ter tantas dedicacións exclusivas e parciais, collendo como referencia concellos limítrofes o respecto? Saben canto é a cantidade que se podería aforrar en invertir nas necesidades do Concello?

Sra. Alcaldesa: Sabémola si, máis preguntas.

Sr. Rodríguez Davila: Se a saben, canto é a cantidade?

Sra. Alcaldesa: Ti tamen a sabes, está nos orzamentos.

Sr. Rodríguez Davila: Un millón de euros a maiores en 16 anos, un millón de euros supón o goberno dende o 2007 ao 2023 a maiores, collendo como referencia concellos do mesmo tamaño e poboación, un millón de euros.

Alcaldesa: Hai quen cobra en sobres B e hai quen cobra transparente a través de nominas e pagando seguridade social, como fan as empresas decentes, máis preguntas.

Sr. Núñez Troncoso: Xa preguntamos no pleno de fai un ano, de outubro de 2018, respecto do camiión do lixo que está usando o Concello das Neves, levamos dous anos que se lle está prestando o camiión do lixo ao Concello das Neves, en que condicións se lle está prestando ese camiión?.

Sr. González Coto: Boas noites a todos, si que é verdade que o acordo é de febreiro de 2018, non de marzo, ese acordo coas Neves é do 28 de febreiro. O acordo é sinxelo, sabemos a desgracia que houbo no 2017 nas Neves co camiión que tiñan e é un acordo extensible durante 3 meses e prorrogable mes a mes, é como se nos hubiera pasado a nós, estamos collendo e facendo como farían eles con nós, se nós necesitáramos dese servizo eles ían a facer o mesmo, entón polo tanto estamos mantendo o acordo ata que eles teñan ese camiión e cando eles teñan ese camiión se nós o necesitamos eles deixaránolo tamén sen ningún problema, extenderemos outro convenio e non hai ningún problema.

Sr. Núñez Troncoso: Estame dicindo que hai un convenio firmado.

Sr. González Coto: Si evidentemente.

Sr. Núñez Troncoso: Nós xa no pleno de outubro do 2018 dixemos que nós non estábamos en contra diso, pero unha cousa é un momento puntual, polo problema que tiveron e outro tema é que xa levamos dous anos, os nosos veciños están pagando unas taxas pola recollida do lixo, esas taxas son para costear ese servizo entre outras cousas, está ben deixarillo como dicía antes nun momento puntual, pero

dous anos, gratis, non. Agora nos dín aquí en nota de prensa que puxeron dúas rodas e o combustible.

Sr. González Coto: A nota de prensa é un pouco innecesaria porque fan bastantes máis cousas pero bueno, o de explicar unha nota de prensa, creo que non teño que explicalas aquí. Sen ningunha dúbida agora tamen te poño a ti noutra tesitura, se fora o noso camiión e nolo deixan por dous anos desde As Neves, quererías que cho quitaran?

Sr. Núñez Troncoso: Eu non vos estou plantexando iso, eu estou dicindo que nun momento puntual estamos todos de acordo pero imos para dous anos, hai outras fórmulas, quen está soportando ese custe somos os veciños de aquí de Salceda e volvo a repetir, aínda que insista, nun momento puntual se lle presta a calquera e todo mundo esta de acordo pero o que non pode ser é que os veciños estean sufragando un gasto que é para prestar o servizo noutro Concello nun tempo prolongado.

Sr. González Coto: Ten por seguro que se estudia a sufragación de todo o tempo que estiveron collendo e utilizando e van pagalo antes e que no 2020 teñan o seu camiión, porque xa está falado e tramitado con eles, iniciaron uns contactos para que colla ese diñeiro e revirta outra vez aquí en Salceda e nos nosos veciños.

Sr. Núñez Troncoso: Respecto no retraso nas entregas das actas, non sabemos si é un problema de secretaría por carga de traballo ou é que realmente secretaría as ten preparadas e están pendentes da firma, quería aclarar iso.

Sra. Alcaldesa: Si que é certo que houbo un periodo vacacional pero procuraremos traelas antes e regularizar o periodo de entrega un pouquiño antes para que teñades opción a velas, pero tamen nos pasa a nós.

Sr. Núñez Troncoso: Xa que alcaldesa dixo antes que sabía dos prazos da exposición pública do dunha ordenanza fiscal como a que plantexabamos antes do IBI, pode dicirme cal e ese prazo?.

Sra. Alcaldesa: Non che vou a dicir o prazo con iso contesto a túa pregunta, o que non vou a consentir, porque eu creo que aquí ninguén é tonto nin tonta, é que utilices os puntos que se debaten neste pleno para despois conseguir nas preguntas o que xa foi debatido nos puntos anteriores, polo tanto xa che contestei Joaquín e limitate a facer preguntas e non a intentar volver a discutir ou a debatir cousas que xa están debatidas.

Sr. Núñez Troncoso: Iso en concreto non está debatido e sería interesante que os veciños souberan cal é o prazo, o digo porque como dixeran antes, vostede estaba mentindo.



Sra. Alcaldesa: Repito, non volvas a debatir algo que xa está debatido utilizando o concepto das preguntas, entendo que estades dando máis que argumentos sobrados para que realmente este pleno necesite un regulamento canto antes, porque non utilizades nin a sensatez nin o sentido común, nin xogades as normas de xogo que xogamos todos, si se debate un punto queda debatido, non utilizades nin as preguntas nin os rogos para volver a remexer en algo xa debatido porque vos queredes alimentar o espectáculo, non o vou consentir limitate a preguntar, seguinte pregunta.

Sr. Núñez Troncoso: Vostede sabia que cando se modificou a ordenanza do IBI no 2011 a aprobación inicial foi o 11 de novembro? Estamos a 25 de outubro, hai prazo de sobra, por iso digo que esta vostede mentindo.

Sra. Alcaldesa: Eu non minto Joaquín eu consulto aos departamentos que si teñen coñecemento.

Sra. Pérez Cabaleiro: Boas noites a todos, quero preguntar a Gela se está arranxado xa o problema cos maiores respecto á utilización do centro social da Devesa, porque non temos información e queremos saber.

Sra. Ledo Souto: Sí, está todo solucionado.

Sra. Pérez Cabaleiro: Van a seguir utilizando as instalacións para o mesmo ou como van?

Sra. Ledo Souto: Xa che dixen no pleno anterior que seguían tendo os días de xogar as cartas os maiores.

Sra. Pérez Cabaleiro: A partir de xaneiro será igual?

Sra. Ledo Souto: Si, si, por suposto.

Sra. Pérez Cabaleiro: Iso era o que queriamos saber. En canto á problemática de humidade e frío, sobre todo o ruído da Casa dea Cultura, está arranxado o problema coa reparación das ventás?

Sr. Rodríguez Canosa: Como ben saberás a fiestra que quedaba pendente de cambiar na planta baixa xa se cambiou, polo tanto cremos que en principio si que está solucionado.

Sra. Pérez Cabaleiro: E en canto á insonorización desa sala de estudo nalgún momento vos plantexastes levalo acabo?.



Sr. Rodríguez Canosa: Polo de agora imos a ver como evoluciona con esta nova fiestra e máis adiante pois faremos a avaliación pertinente.

Sra. Pérez Cabaleiro: E en canto á atención temperá, gustaríanos saber como vai, como funciona para os rapaces do noso Concello este servizo.

Sra. Ledo Souto: Pois vai moi ben, de feito esta reflectindo a necesidade que había no Concello deste servizo, porque che falo de memoria a capacidade que ten o servizo é para 30 nenos e fai dúas semanas estábamos en 23, co cal creo que está máis que xustificada a necesidade do servizo.

Sra. Pérez Cabaleiro: Si si nos estamos completamente a favor diso e queríamos facer outra pregunta, se hai duplicidade no servizo que prestan o servizo de atención temperá e o de logopedia municipal.

Sra. Ledo Souto: Non en ningún caso atención temperá coma o seu nome o indica o chegar os 6 anos quedan excluídos os nenos, entón cando é unha necesidade só de logopeda aínda que sexa menor de 6 anos e como o outro ten tanto volumen de traballo o segue facendo Chus pero dende os 6 para arriba o fai Chus e non hai ningún problema, hai a necesidade dos dous servizos.

Sr. González Souto: Boas noites, eu quería preguntarlle ao goberno se fixeron uns pasos de peons elevados na estrada EP-2501 ao seu paso pola Picoña, quería saber se consideran axeitado o número destes pasos que se colocaron.

Sr. González González: Non sei se sabes que está a executalos a Deputación Provincial no plan que chaman eles plan Móvese, nas catro estradas que ten a Deputación aquí, a 501, a 503, a 504 e a 505. Os pasos que se solicitaron por parte do Concello e solicitaronse nos puntos máis perigosos, onde hai marquesiñas de nenos. Aos que te refires tí, concretamente dous son fronte dúas marquesinas e un dalle saída á senda peatonal do Caselas, para cruzar a estrada dun lado para outro son tres e pensamos que son totalmente necesarios, un cuarto está aquí en Pomar de Suso, en Carballida, que tamén está nunha parada de autobús de nenos é simplemente para minorar o tráfico e que a xente vaia con coidado, non ten máis obxectivo ca seguridade.

Sr. González Souto: Simplemente é remarcar ue non os considero en total demasiado numerosos.

Sra. Pérez Domínguez: Boas noites a todos, gustaríame saber se nalgún momento tedes pensado aprobar subvencións nominativas para os deportistas de elite do noso Concello.

Sr. González Coto: Sí, estamos traballando para sacar algunha subvención nominativa que non sexa só para clubs pero hai que marcar ben os pasos e deixar constancia de

porque motivos, hai que fundamentalo ben para non cometer erros, pero estase estudiando e se levará para o 2020, esperemos que poidamos realizar esas axudas.

Sra. Alcaldesa: Noelia só puntualizar e aclarar que estamos colaborando con eles e, si ben e certo que como ti dis, non son subvencións nominativas, porque é certo que estamos sometidos a un plan de axuste económico que remata a finais de 2020 principios de 2021, aí se contemplarán novos orzamentos e se pode destinar unha subvención nominativa a estes deportista. Isto non quere dicir que non se lles axude, estáselles axudando a través da partida de publicidade e propaganda que en moitos dos casos maioritariamente sirven para os patrocinios destes deportistas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

